



O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica actual, inmersa nunha crise global, fai que dous colectivos estean a selos principais prexudicados nesta situación:

- As pequenas e medianas empresas e os autónomos
- As familias que poden ter a tódolos seus membros no desemprego.

O descenso da actividade económica a tódolos niveis, a contracción do consumo e as dificultades de financiación que lles impiden obter liquidez, fan que as empresas e autónomos estean a pasar moi serias dificultades para manter as súas empresas e por conseguinte o emprego dos seus traballadores.

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE aplaude as medidas levadas a cabo dende o Goberno do Estado como o Plan "E", Liñas ICO liquidez e Moratoria, Devolución mensual do IVE, etc, etc. Medidas que xa no pasado mes de Abril estanse a ver os resultados cun cambio de tendencia nos niveis de desemprego, e cun reponte no emprego do sector industrial.

O Grupo Municipal do PSdeG-POSE tamén apoia e respalda as actuacións de axuda a economía postas en práctica pola Xunta de Galicia, fundamentalmente dende o IGAPE, e apoiará tamén as anunciadas polo novo Goberno de Galicia, do Sr. Feijóo.

O baixo nivel de endebedamento deste Concello, fai que o marxe de manobra sexa amplo para poder tomar medidas de apoio e axuda, nuns momentos de necesidade económica das empresas e familias baionesas.

En Baiona chegamos a 1.200 parados dacordo a EPA, máis de 300 fogares teñen a tódolos seus membros no desemprego, ademais un 25% dos desempregados inscritos na oficina de emprego non percibe ningún tipo de prestación.

Dende este Grupo, consideramos que as Administracións Locais deben xogar un papel determinante nesta axuda, e complementar as políticas de apoios doutras administracións, con tódolos medios ó seu alcance e sen cortapisas.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL



Partido dos Socialista de Galicia
Grupo Municipal de Baiona
Praza de Santa Liberata, 6 Baixo
36300-Baiona
Tlfo: 986 35 69 18

O Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

1º.-Que o Concello de Baiona se acolla ó establecido no Decreto-lei aprobado o pasado venres 24 de Abril polo Consello de Ministros para poder obter financiación para o pago das facturas pendentes a provedores e acredores, fundamentalmente pymes e autónomos, e se podan satisfacer esas facturas en 30 días, o que suporía unha axuda e respiro a moitas de estas empresas nun curto espacio de tempo. Dacordo o resultado do exercicio económico 2008, existía un saldo pendente en facturas pendentes de máis de un millón (1.053.000) de euros, e de outro millón (1.017.000) de euros fora de presuposto.

2º.-Se libere remanente de tesourería do exercicio 2008, e se dote e se regule un "Fondo Anticrise Municipal" co fin de axudar as empresas e autónomos baioneses, e as familias con tódolos seus membros no desemprego. Investimentos Municipais creadores de emprego e unha política de axuda as familias e empresas serían os dous obxectivos primordiais dese "Fondo"

Baiona 8 de Maio de 2009

Rafael Lores Rosal
Voceiro Grupo Socialista

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL